



## **INFORMACIÓN SOBRE A I.V.E.**

**Artigo 15 b) da Lei Orgánica 2/2010, de 3 de marzo, de saúde  
reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo**

**DEREITOS, PRESTACIÓNS E AXUDAS PÚBLICAS DE APOIO Á AUTONOMÍA DAS  
PERSOAS CON DISCAPACIDADE**

- 1. Dereitos das persoas con discapacidade.**
- 2. Recoñecemento das persoas con discapacidade.**
- 3. Prestación familiar por fillo a cargo (PF).**
- 4. Pensións da Seguridade Social na súa modalidade non contributiva (PCN).**
- 5. Información Xeral.**
- 6. Prestación conforme á Lei de dependencia.**
- 7. Ampliación dos períodos de descanso por maternidade.**
- 8. Información xeral sobre as prestacións previstas no sistema para a autonomía e atención á dependencia.**



## 1- DEREITOS DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE

Con carácter xeral, os dereitos das persoas con discapacidade están especificamente recoñecidos na Lei 26/2011, de 1 de agosto, de adaptación normativa á Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade (BOE nº 184, do 02/08/2011).

## 2- RECOÑECIMENTO DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE

### **Certificado do grao de discapacidade:**

Trátase do documento que acredita a discapacidade das persoas.

Está dirixido a persoas de calquera idade, con deficiencias permanentes non recuperables. As pautas de valoración fundaméntanse sobre todo nos efectos para a capacidade de realizar as actividades básicas da vida diaria.

Este recoñecemento efectúase a través dos **Equipos de valoración e orientación (EVO)** dependentes das xefaturas territoriais da Consellería de Traballo e Benestar.

Coa finalidade de que a persoa con discapacidade poida optar ás diferentes prestacións, axudas a servizos previstos nos diferentes ámbitos, esta ten que estar valorada e recoñecida cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33%.

### **Normativa que actualiza o termo minusvalidez por discapacidade:**

Real decreto 1856/2009, de 4 de decembro, de procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade, e polo que se modifica o Real Decreto 1971/1999, de 23 de decembro. BOE núm. 311, do 26/12/2009.

### **Lugar de presentación de solicitudes:**

Nos servizos sociais de atención primaria, nas seccións de cualificación e valoración de discapacidade, nas xefaturas territoriais da Consellería de Traballo e Benestar ou por calquera dos medios establecidos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

### **Equipos de valoración e orientación (EVO)**

Son os equipos multidisciplinares compostos por médico ou médica, psicólogo ou psicóloga e traballador ou traballadora social que realizan as actuacións específicas na área de diagnóstico, valoración e cualificación da discapacidade.

Están situados nas seccións de cualificación e valoración da discapacidade:

Localidade	Enderezo	Teléfono	Fax
A Coruña	Edific. Administrativo de Monelos Praza Luís Seoane, s/n. 15008	981 182 501	981 182 525
		981 182 502	
		981 182 503	
Santiago	Praza de Europa, 2º andar, 10A. Area Central. 15703 (antiga sede do Instituto Galego de Consumo)	881 999 236	881 999 222



<b>Ferrol</b>	Edificio Administrativo. Praza Camilo José Cela, s/n	981 337 232	981 337 238
		981 337 234	
		981 337 235	
<b>Lugo</b>	Rúa Serra dos Ancares, 68, baixo. 27003	982 889 145	982 889 163
		982 889 133	
<b>Ourense</b>	Rúa Sáenz Díez, 33. 32003.	988 386 157	988 386 159
		988 386 158	
		988 386 160	
		988 386 161	
<b>Pontevedra</b>	Avda. de Vigo, 16. 36003	986 844 740	986 863 025
<b>Vigo</b>	Rúa Conde de Torrecedeira, 99, baixo. 3602	986 294 836	986 299 000
		986 294 229	

### 3- PRESTACIÓN FAMILIAR POR FILLO A CARGO (PF)

Prestación regulada polo Real Decreto 1335/2005 , de 11 de novembro (BOE, 22/11/2005).

É unha prestación da Seguridade Social ou mutualidade correspondente, dirixida aos proxenitores, na que o causante é unha persoa con discapacidade.

Esta persoa debe ter o recoñecemento legal da ou das discapacidades. No caso de menores de 18 anos non hai ningún outro requisito, e para maiores de 18 anos teñen que ter recoñecido o 65% ou mais para ter dereito a esta prestación.

- Se é menor de 18 anos e cunha discapacidade en grao igual ou superior ao 33%: 1.000 € anuais (500 € semestrais)
- No caso de maiores de 18 anos o grao de discapacidade deberá ser igual ou superior ao 65%. Neste caso, a súa contía é de 4.292,40 € anuais (357,70 € mensuais).
- No caso de maiores de 18 anos cun grao de discapacidade do 75% ou superior, e necesidade de axuda de terceira persoa para realizar os actos máis esenciais da vida, a contía da prestación ascende a 6.439 € anuais (536,60 € mensuais).

### 4- INFORMACIÓN XERAL

- Plan de acción integral para as persoas con discapacidade. Enderezo electrónico (<http://benestar.xunta.es/web/portal/portada-de-discapacidade>).
- Observatorio da discapacidade ([www.observatoriodeladiscapacidad.es](http://www.observatoriodeladiscapacidad.es)).
- Servizo de información sobre discapacidade (<http://sid.usal.es>).
- **Unidades / servizos de Atención Temprá** (0 a 6 anos) (<http://www.atenciontemprana.com/Centros.htm>)



## **5- PRESTACIÓN CON ARREGLO Á LEI DA DEPENDENCIA**

O recen nado con alteración pode ser valorado conforme a Lei 39/2006 de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia (BOE nº 299, do 15/12/2006). Dita valoración debe ser solicitada nos Equipos de valoración da dependencia, adscritos aos Departamentos Territoriais da Consellería de Traballo e Benestar.

Conforme ao grao e nivel de dependencia que, no seu caso, se lle recoñeza, poderá optar a prestación e ao catálogo de servizos previstos nos artigos 14 e 15 da citada norma.

## **6- AMPLIACIÓN DOS PERÍODOS DE DESCANSO POR MATERNIDADE**

Mediante a lei de Dependencia pódese solicitar a acreditación de discapacidade de fillo ou menor acollido de cara a ampliación do período de descanso por maternidade.

Valórase ao menor de 3 anos cun instrumento denominado EVE (escala de valoración específica para menores de 3 anos) con determinados ítems concretos para esta idade, entre eles o baixo peso, e o emprego de sondas de alimentación.

Os maiores de 3 anos discapacitados valóranse co instrumento habitual BVD (Baremo para a valoración de Dependencia).

Para que se lle conceda a ampliación do período de descanso por maternidade debe ter alomenos o grao 1 moderado.

Segundo a Lei para a igualdade efectiva de mulleres e homes 3/2007, o art. 48 do ET e arts. 133 6º e 7º da LGSS amplíase en dúas semanas máis o permiso de maternidade nos supostos de discapacidade do fillo ou filla ou menor adoptado ou acollido. (Esta lexislación é a que se cita na páxina do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais no Instituto da muller.)

## **7- INFORMACIÓN XERAL SOBRE AS PRESTACIÓNS PREVISTAS NO SISTEMA PARA A AUTONOMÍA E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA:**

- Páxina web da Consellería de Traballo e Benestar (<http://benestar.xunta.es/web/portal/dependencia/que-e-a-dependencia>).
- Portal do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia: <http://www.saad.mtas.es/portal/>